

XVI CONCURSO DE BARCANAS E CASTELOS DE AREA “PRAIA DE AREA MAIOR”

Venres 19, a partir das 10.30 horas e ate as 14.00 horas na Praia de Area Maior

BASES DO XVI CONCURSO DE BARCANAS E CASTELOS DE AREA “PRAIA DE AREA MAIOR”

1. **OBXECTO:** O presente concurso terá por obxecto o fomento da cultura.
2. **PUBLICIDADE:** As presentes bases permanecerán expostas no taboleiro de anuncios do Concello dende a súa aprobación ata a finalización do procedemento, dada a súa escasa contía e de acordo co disposto no apartado VI) 6 do Anexo I das BEO do Concello de Malpica, asemade, daráselles publicidade mediante a páxina web do Concello de Malpica e cartelería.
3. **PRAZO DE INSCRICIÓN:** O prazo de inscrición rematará o venres día 19 de agosto ás 11.00 h. as inscricións poderán realizarse tanto no Departamento de Educación e Cultura do Concello ata o día 18 de agosto, como na Praia de Area Maior o día 19 de agosto de 2016, de acordo cos modelos de solicitudes facilitados polo Concello e que deberán ser remitidos, debidamente cumprimentadas, ó rexistro xeral de acordo co disposto no apartado VI)7 do Anexo I das BEO.
4. **REQUISITOS DOS PARTICIPANTES:**
 - Cada participante ou grupo de participantes só poderá participar cunha única obra.
 - Existiran tres modalidades: Infantil (até os 10 anos), amateur (de 10 anos en adiante) e barcanas (barcanas tradicionais de area sen límites de idade).
 - No caso de menores de idade as solicitudes virán presentadas polos pais/nais ou titores que os representen, que terán a condición de beneficiarios.
 - Para optar ó premio infantil todos os autores da obra deberán ter como máximo 10 anos cumpridos.
5. Existirán seis premios: 1º, 2º e 3º na modalidade amateur, premio á mellor barcana, premio infantil e premio especial do público.
6. **CONTÍA MÁXIMA DOS PREMIOS:** Os premios estarán dotados do seguinte xeito:

Premios amateur:

1º premio: 130,00 € e trofeo

2º premio: 70,00 € e trofeo

3º premio: 40,00 € e trofeo

Premio á mellor Barcana: trofeo

Premio Infantil: trofeo
Premio Especial do Público: trofeo

7. REQUISITOS, LUGAR E PRAZO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS:

- A obras realizaranse na Praia de Area Maior nas zonas balizadas polo Concello de Malpica para este fin.
- As obras realizaranse con posterioridade á inscrición do/a participante ou participantes e en calquera caso entre ás 11.00 h. e as 13.00 h. do día 19 de agosto de 2016.
- Para a elaboración das obras só se poderán utilizar area e materiais que se atopen depositados na praia.
- Para a elaboración das obras permitirase o uso de ferramenta, difusores de auga, etc. aínda que estes en ningún caso poderán formar parte da obra unha vez rematada.
- Na elaboración das obras non está permitido utilizar ningún produto compactante ou fixador da area, agás a auga.

8. CRITERIOS :

- O xurado valorará a calidade artística e a orixinalidade de cada proposta de acordo cos seguintes criterios:
 - ✓ Calidade técnica da obra
 - ✓ Complexidade da obra realizada
 - ✓ Deseño da obra
 - ✓ Dimensións da obra realizada
 - ✓ Vinculación da obra co Concello de Malpica
 - ✓ Orixinalidade da obra
- Para a elección do premio especial do público instalarase unha urna, entre as 13.00 h. e as 13.30 h. na Praia de Area Maior na que tódolos espectadores/as do concurso poderán participar, sendo agraciada a obra con maior número de votos, agás que xa obtivera outro premio por parte do xurado, nese caso outorgaríase á seguinte obra máis votada.

9. O fallo do xurado será inapelable, e será notificado ós presentes no acto.

10.COMPOSICIÓN DO XURADO: O xurado estará composto por 2 representantes do Concello de Malpica nomeados polo Alcalde (que determinará quen dos dous actuará como Presidente e como vogal) e 2 das entidades colaboradoras (Asociación de Amas de Casa de Malpica e/ou Asociación de Mulleres Redeiras Artesás Mar da Illa) a proposta destas e nomeados/as polo Alcalde e que actuarán como vogais. Actuará como secretario/a do mesmo un/unha funcionario/a do Concello de Malpica designado a tal fin pola Alcaldía.

11.XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO: Unha vez elaborada a acta do xurado propoñendo os beneficiarios, o órgano competente, acordará a concesión e recoñecemento de obrigas a favor dos mesmos. O pagamento efectuarase en efectivo tras o fallo do xurado. Os beneficiarios acreditarán

suficientemente a súa identidade e a recepción do premio correspondente perante o Concello segundo o modelo facilitado ao efecto.

12. PUBLICIDADE DOS BENEFICIARIOS: Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a resolución ou acordo polo que se concedan os premios aos que se refiren as presentes bases.

Logotipos do Concello de Malpica e da Deputación de A Coruña